

CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO DO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO E A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, EN MATERIA DE CALIDADE, PRODUTOS TURÍSTICOS, INNOVACIÓN, ACCESIBILIDADE E SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo o instrumento convencional arriba referido cunha vixencia de catro anos a partir da súa sinatura.

Que o presente acordo ten por obxecto colaborar activamente na promoción, difusión e apoio á implantación de sistemas de calidade, innovación turística, os relacionados coa creación de produtos, accesibilidade, sustentabilidade e intelixencia de destinos en Galicia para a consecución dos seguintes obxectivos básicos:

- a) Facilitar a transferencia recíproca de metodoloxías de calidade turística, de creación de produtos turísticos, de innovación turística, accesibilidade turística e sustentabilidade turística desenvolvidas pola Administración do Estado e os organismos competentes na materia da Comunidade Autónoma Galicia a fin de lograr a excelencia na configuración dos devanditos sistemas e xerar economías de escala na súa aplicación.
- b) Incentivar cos medios ao seu alcance a adhesión voluntaria das empresas prestadoras de servizos e destinos turísticos aos sistemas de calidade turística, innovación turística, accesibilidade turística e sustentabilidade turística.
- c) Promover a notoriedade dos sistemas de calidade turística, de creación de produtos turísticos, de innovación turística, accesibilidade turística e sustentabilidade turística para orientar as decisións dos consumidores e a extensión dos sistemas entre destinos e empresas e servizos turísticos vinculados directa ou indirectamente á actividade turística.
- d) Coordinar a preservación do acervo metodolóxico común e os desenvolvementos ao mesmo que contribúan á súa extensión e consolidación.



e) Colaborar na creación e impulso de produtos turísticos creados co método club de produto.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o acordo que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Conforme ao previsto no artigo 149.1.13ª da Constitución de 1978 (bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica), é competencia da Secretaría de Estado de Turismo, de conformidade co disposto no artigo 5 do Real Decreto 998/2018, do 3 de agosto, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, o desenvolvemento de plans e programas que promovan a innovación, a calidade, a sustentabilidade e a competitividade de produtos turísticos de alto valor engadido para o cliente; así como o fomento de novas categorías de produto que contribúan á desestacionalización e desconcentración da oferta, todo iso baseado na colaboración público-público e público-privada.

A política de calidade turística converteuse nun factor fundamental de diferenciación e de competitividade das nosas empresas e do conxunto do noso sector turístico, operando sempre sobre a base do consenso e a autorregulación dun sistema que persegue consolidar o liderado da nosa industria turística.

Segundo.- O artigo 27.21 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia, atribúe á Comunidade Autónoma competencia exclusiva na promoción e a ordenación do turismo dentro da Comunidade.

Conforme ao anterior, o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e apróbanse os seus estatutos, crea dita Axencia co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Para o cumprimento dos seus obxectivos, o artigo 9 dos seus Estatutos establece as súas competencias e funcións, entre as que se atopan a planificación da política de ordenación e inspección, fomento e competitividade do turismo dentro da comunidade autónoma,



determinando as liñas de actuación da política turística, equilibradas e sustentables, que deben rexer no territorio galego; a coordinación, impulso, xestión e execución de actividades de promoción turística, así como o impulso da competitividade do sector turístico privado.

Terceiro.- De acordo co exposto, as dúas Administracións Públicas asinantes están interesadas en cooperar, mediante o presente convenio, para complementar as súas actuacións dirixidas á promoción, difusión e apoio á implantación de sistemas de calidade turística, creación e impulso de produtos turísticos, e aplicación de métodos para mellorar a intelixencia, accesibilidade e sustentabilidade dos destinos turísticos para contribuír con iso á mellora da oferta turística da Comunidade Autónoma de Galicia , o que levan a efecto con arranxo ás seguintes,

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

